

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso na atención ao unha persoa dependente

Expediente: G.6.Q/22427/17

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo ao retraso na atención ao unha persoa dependente.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que reclama pola a atención á dependencia da súa avoa. “... reclamamos que se haga efectiva. Tenemos aprobada (según esta resolución y la anterior de fecha 06/02/2009) plaza en residencia de mayores, pero en la práctica: NADA. Hemos llamado numerosas veces a la asistente social del ayuntamiento y a los servicios de dependencia y autonomía de Ourense, pero la respuesta es siempre la misma: estamos en lista de espera. La asistente social nos recomendó solicitar revisión del grado de dependencia (lo que hemos hecho), pero la resolución es la misma, se nos concede el derecho a residencia pero seguimos sin plaza y el grado de dependencia no varía. Físicamente mi abuela está bastante ágil para su edad, el problema está más en su enfermedad, el "alzheimer", parece que en muchos casos, como en este, acaban "odiando" a la persona que los cuida (la que les obliga a tomarse la medicación, asearse, comer...) convirtiendo la convivencia en una prueba diaria que afecta tanto al enfermo como al cuidador. Mi abuela padece Alzheimer, depresión además de otras patologías, su única cuidadora es mi madre (su hija), después de tantos años ocupándose de una persona con esta enfermedad, más al ser un familiar tan cercano, hace que en la actualidad la que necesita cuidados es la cuidadora, desgraciadamente esta situación afecta a su salud también. Según nos informan los médicos es usual, pero ver como tu madre (la persona a la que cuidas y con la que convives a diario) se vuelve agresiva, te insulta, que sea una lucha constante lograr algo tan normal como que se asee, se alimente o vista correctamente, vigilarla para que no se dañe o se vaya de casa (ya ha intentado irse sola en alguna ocasión, vivimos en pleno rural en una aldea diminuta en la que si se adentra en el monte es peligroso y muy difícil localizarla), ... vivirlo días tras día es tremendo. Como Valedora do Pobo no le pedimos que solvete una situación familiar que se está volviendo casi imposible, nos consta que no es su labor, tan sólo queremos intentar poner en contexto nuestra situación y lo que motiva esta petición. Lo que pedimos es que se cumpla la resolución que adjuntamos”.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“...en relación á demora no ingreso nun centro residencial e, segundo a información remitida polo Servizo de Recursos Comúns e Atención ao Alzheimer, infórmolle de que: 1-A xestión de listados do PAR e a asignación de praza pública realízase na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. 2- O acceso efectivo ao servizo das persoas demandantes a través do PAR prodúcese en función dos recursos dispoñibles, seguindo a orde de preferencia normativamente establecida, e que se indica na resolución: O maior grao e nivel de dependencia. A igual grao e nivel de dependencia, tense en conta a non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia. No suposto de igualdade co criterio anterior, tense en conta a capacidade económica. No suposto de igualdade en relación cos criterios anteriores, valórase a posible inexistencia de rede social de apoio. Se persiste a igualdade, valórase a idade do beneficiario. Por último tense en conta a data de presentación da solicitude de valoración da dependencia. 3-Tal e como se indica na resolución e, xa que transcorreron mais de tres meses sen que lle fora asignada unha praza, a persoa usuaria poderá: solicitar, se así o desexa, unha modificación do PIA para os efectos de obter unha libranza (prestación económica) vinculada para acceder a un servizo privado ou do contrario, seguir incorporado á espera do acceso a un servizo público”.

ANÁLISE

1. A información confirma que o cumprimento do PIA está amplamente demorado; é de 2009 e segue ser facerse efectivo. A consellería alude a que se fan efectivos cando existen recursos, pero non aclara as causas do amplo. Trátase dunha persoa que precisa unha atención especializada debido á súa enfermidade (alzheimer). Non se aclara as prazas dispoñibles neste ámbito e a previsión de atención.

2. O informe tamén sinala que a afectada pode reclamar un cambio de PIA cara a unha libranza; porén, como a propia consellería sinala, trátase dunha posibilidade posta a disposición das persoas afectadas por retrasos. Por tanto, permanece a obriga de facilitar a praza pública.

3. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

O expediente debería atoparse resolto e con efectividade nos prazos previstos. As demoras prexudican gravemente aos afectados e ás súas familias polas circunstancias que acreditaron.

4. A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se dea efectividade ao PIA aprobado para a atención dunha persoa afectada por alzheimer, que se atopa moi demorada.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo